

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020**

**CENTRO: CEIP JOSÉ MARÍA LAGE**

**CURSO: SEXTO**

**MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS**

**DATA: 10/05/2020**

**PROFESOR : MARGARITA RODRÍGUEZ GARCÍA**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

# ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (CCSS)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1.Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas)	CSB1.2.1.Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados CSB1.2.2.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.
B1.9.Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras.	CSB1.9.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
B2.2.Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores que o determinan.	CSB2.2.1.Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan
B2.3.Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que o compoñen e as características dos principais paisaxes de España e de Europa.	CSB2.3.1.Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características dos principais paisaxes de España e de Europa valorando a súa diversidade.
B2.4.Identificar as principais unidades de relevo de Europa, os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	CSB2.4.1.Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima CSB2.4.2.Recoñece as principais características do relevo, os ríos e o clima de Europa.
B2.5.Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural, identificando o uso sostible dos recursos naturais propoñendo unha serie de medidas necesarias para o desenvolvemento sostible da humanidade, especificando os seus efectos positivos.	CSB2.5.1.Explica o uso sostible dos recursos naturais propoñendo e adoitando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta.
B2.6. Explicar as consecuencias que teñen as nosas accións sobre o clima e o cambio climático.	CSB2.6.1 Explicar as causas e consecuencias do cambio climático e as actuacións responsables para frealo.
B3.1.Identificar a estrutura e os fins da Unión Europea, explicando algunhas vantaxes derivadas do feito de formar parte da Unión Europea.	CSB3.1.1.Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos e localiza nun mapa os países membros e as súas capitais.
B3.2.Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e calculalos a partir dos datos de poboación	CSB3.2.1.Define poboación dun territorio e identifica os principais factores que inciden nesta e defíneos correctamente.
B3.5.Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores	CSB3.5.1.Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas

económicos, describir as características destes recoñecendo as principais actividades económicas de España e Europa.	actividades no grupo ao que pertencen
B3.6.Describir o funcionamento da publicidade e as súas técnicas distinguindo publicidade educativa e publicidade consumista.	CSB3 6.1.Valora con espírito crítico a función da publicidade e recoñece e explica as técnicas publicitarias máis habituais, analizando exemplos concretos.
B3.7.Tomar conciencia do valor do diñeiro e dos seus usos mediante un consumo responsable e o sentido do aforro.	CSB3 7.1.Diferencia entre distintos tipos de gasto e adapta o seu presuposto a cada un deles
B4.1.Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.	CSB4.1.1.Define o concepto de prehistoria, identifica a idea de idade da historia e data as idades da historia, asociadas aos feitos que marcan os inicios e finais nomeando algunhas fontes da historia representativas de cada unha delas.
B4.3.Identificar, localizar no tempo e no espazo e comprender os procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais, máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución	CSB4.3.2. Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia de España describindo as principais características de cada unha delas. CSB4.3.5.Explica os principais acontecementos que se produciron durante o s. XIX e XX e que determinan a nosa historia contemporánea CSB4.3.6.Describe as características da sociedade española actual, e valora o seu carácter democrático e plural, así como a pertenza á Unión Europea.
B4.4.Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar	CSB4.4.2.Respecta os restos históricos e os valora como un patrimonio que debemos legar e recoñece o valor que o patrimonio arqueolóxico monumental nos achega para o coñecemento do pasado.

A partires dos estándares imprescindibles anteriores contribúese de xeito especial a que o alumnado teña un grao de desevoleeto nas seguintes competencias clave

CCEC (Convencia e expresión cuturais )      CSIEE (Iniciativa e espírito emprendedor)      CD (dixital)      CAA (Aprender a aprender)      CCL (Lingüística)

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>*Seguimento do traballo do alumnado</li> <li>*Análise das producións do alumnado</li> <li>*Probas específicas</li> </ul>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>*Actividades entregadas na plataforma Aula Planeta</li> <li>*Tarefas entregadas na Aula Virtual ( ou a través do correo electrónico)</li> <li>*Probas orais específicas a través da plataforma Cisco Webex</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p><b><u>A.- Valoración do rendemento do terceiro trimestre:</u></b></p> <p>Para obter a nota numérica do rendemento do alumnado no terceiro trimestre aplicaremos o seguinte:</p> <p><b>**Valoración das probas orais: 50 % (que de non levarse a cabo suporá que as tarefas entregadas por A Virtual ou A Planeta supoñan o 100%)</b></p> <p><b>**Media aritmética entre as actividades de aula virtual e A.Planeta: 50 %</b> Esa nota, que non figurará nos boletíns de notas empregárase para obter a cualificación final do curso.</p> <p>A nota da terceira avaliación e a última serán a mesma. Calculárase a media aritmética entre a 1ª e a 2ª avaliacións á que se lle poderá sumar ata 1 punto polo traballo deste terceiro trimestre</p> <p><b><u>C.- Aclaracións en relación as actividades de aula virtual e aula Planeta:</u></b></p> <p>*Non se poderán entregar as actividades unha vez finalizado o prazo de entrega; se un alumno ten un imprevisto e non pode entregala, débese poñer en contacto co profesorado. Excepcionalmente e por motivos xustificadas, poderá facer a entrega a semana seguinte á planificación da tarefa así coma as rectificacións que se lle notificaran, de selo caso.</p> <p>*Cando se sospeite que a actividade foi realizada por outra persoa, a nota da mesma será 0.. (De considerarse poderá solicitárselle unha nova tarefa, ben a mesma ou outra semellante)</p> <p>*As actividades non realizadas ou non entregadas contarán como 0 para calcular a nota</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

#### Actividades e metodoloxía

Como na maioría dos días realizaranse actividades de recuperación, reforzo e repaso, o alumnado deberá realizalas de forma autónoma, preguntando as dúbidas que teña a través da mensaxería da aula virtual do curso (facendo uso do material impreso, libros de texto, esquemas e apuntes da libreta, arquivos PDF do profesorado).

As actividades de ampliación que se traballan dependendo da súa dificultade procederase así:

\*Explicación a través de enlaces a páxinas educativas (xa traballadas ou non co alumnado no centro escolar), vídeos explicativos (de creación propia ou de webs educativas incluídas explicacións de outros mestres en youtube, enlaces de Aula Planeta, arquivos pdf, presentación de Power Point/ Slide Share ou calquera outra que poda ser de utilidade)

#### Materiais e recursos

##### ▪ *Aula virtual de 6º de Primaria.*

Este espazo utilizarase para:

Comunicación por mensaxe individual, de ser preciso, coas pautas específicas da xornada ou correccións

Detallar as actividades que se van a realizar durante cada día.

Realizar actividades online.

Entregar actividades.

Resolución de dúbidas, facendo uso da mensaxería.

Realizar o seguimento do alumnado.

##### ▪ *Cisco Webe*

Esta plataforma utilizarase para o seguinte:

	<p>Traballar o aspecto emocional.</p> <p>Explicación de contidos e actividades.</p> <p>Realizar a función titorial.</p> <p>Realizar probas orais.</p> <p>▪ <b>Aula Planeta.</b></p> <p>Este espazo utilizarase para o seguinte:</p> <p>Acceso ao libro dixital da área.</p> <p>Realización de actividades online.</p> <p>▪ <b>Enderezo electrónico.</b></p> <p>Esta ferramenta utilizarase para</p> <p>Entrega de actividades que non é posible entregar a través da aula virtual do curso.</p> <p>▪ <b>Plataforma Whatsapp</b> (mensaxería/llamada)</p> <p>Uso exclusivo para urxencias ben por parte do <i>alumnado</i> (necesidade de contactar por motivos emocionais ou por dificultades nalgunha actividade) ou do <i>profesorado</i> para conectar coas familias cando no seguimento das actividades diarias se percibe a falta de entregas de tarefas, ou se o alumnado non entra na aula virtual, e a comunicación polos medios estipulados (Abalar Móbil e mensaxería aula virtual) non funcionaron.</p>
--	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Informarase por Abalar Móbil ás familias da localización deste documento.
<b>Publicidade</b>	O presente documento estará dispoñible para toda a comunidade educativa **Na web do centro **Na aula virtual de 6º Primaria